



Comunicado nº 286/17  
7 de decembro de 2017

#### X RALLYE COMARCA DA ULLOA.

A Federación Galega de Automobilismo e as Escuderías Mix Rallye Sport e Comarca de Ulloa vense na obrigaón de comunicar que no día de hoxe recibiron notificación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia por medio da cal se DENEGA a autorización para a realización da proba deportiva "X Rallye Comarca da Ulloa" e que por tanto, por motivos alleos ás entidades organizadoras e á Federación Galega de Automobilismo, CANCELÁSE o "X Rallye Comarca da Ulloa", cuxa realización estaba prevista para os próximos días 15 e 16 de decembro de 2017.

O Director Xeral de Emerxencias e Interior, da Xunta de Galicia, viuse obrigado a denegar a autorización á vista dos informes negativos emitidos polas Xefaturas Provinciais de Tráfico da Coruña e Lugo que informaron desfavorable a solicitude de autorización, por causas que nada teñen que ver cos organizadores ou coa Federación, xa que se basean en que "o calendario de operacións de tráfico e campaña de vixilancia para o ano 2017 marca o período comprendido entre o 11 e o 17 de decembro de 2017 como de realización dunha campaña de control de alcol e drogas na condución". Afirman ademais que "destinar efectivos destes dous subsectores a esta proba deportiva levaría implícita a non disposición dos mesmos para a realización dos controis de alcol e drogas establecidos na campaña citada, ao carecer de efectivos suficientes para atender debidamente estes dous labores."

Tanto a Federación Galega de Automobilismo como as Escuderías organizadoras cumpriron totalas súas obrigaóns administrativas en tempo e forma pero a imposibilidade manifestada polas Direccións Provinciais de Tráfico implicadas para enviar efectivos á proba deportivas é unha circunstancia que queda á marxe das competencias federativas e organizativas.

A pesar de todos os esforzos da Federación Galega de Automobilismo e das Escuderías Mix RallyeSport e Comarca de Ulloa e das diferentes negociacións levadas a cabo coas Administracións Públicas implicadas, ata o día de hoxe inclusive, non foi posible conseguir o fin para o que tanto se traballou nos últimos meses que é a celebración do "X Rallye Comarca da Ulloa".

Queremos agradecer moi especialmente a dona Marta Míguez, Secretaria Xeral para o Deporte, da Xunta de Galicia, o apoio decidido prestado á Federación Galega de Automobilismo e a Escuderías Mix Rallye Sport e Comarca de Ulloa para que se puidese levar a proba a feliz termo, o que a pesar da súa loite e dos seus esforzos non foi posible.

Aos deportistas que cursasen a súa inscrición para a proba reintegraráselles, o máis axiña posible, o importe íntegro da mesma pedíndolles desculpas polas molestias causadas.

Tanto a Federación Galega de Automobilismo como as Escuderías MixRallyeSport e Comarca de Ulloa, lamentamos enormemente ter que proceder á cancelación dunha proba que se preparou con moito esforzo, agarimo e ilusión, e esperamos que no futuro sexa o deporte o que prime para todas as Administracións Públicas que se ven implicadas na celebración de probas deportivas e que as actuacións sufridas non volvan suceder no Deporte Galego.

